

## A CADEIRA BALEIRA

Rosa sempre se sentaba ao fondo da cociña nunha cadeira vella que xa coxeaba. Decía que así non molestaba.

Na mesa estaban os homes, falando alto, coma sempre, de política, de cartos e do que había que facer para arranxar o mundo.

Rosa escoitaba, calada, mentres cosía. Sabía moito dos temas, pero nunca falaba e tampouco lle preguntaban. Cando abría a boca alguén dicía:

- *"Ti dis iso porque es muller e non sabes"*

Iso decepcionábaa cada vez mais.

Traballara máis ca ningún deles, na casa, no campo, coidando fillos. Pero o seu traballo non contaba. Dicían que "axudaba", como se a vida se sostivese soa.

Un día, Rosa non se sentou na cadeira, quedou baleira. Na cociña houbo silencio.

Ninguén sabía facer a comida, nin coser un botón, nin poñer orde.

